

D I T A M E

*Ditame*  
**7/07**

sobre o anteproxecto de  
**Lei de creación do  
Colexio Profesional de  
Detectives Privados/as  
de Galicia**

A P R O B A D O   P O L O   P L E N O   O   2   D E   O U T U B R O



Este documento está tamen dispoñible en  
**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

## ANTECEDENTES

1.- En data 16 de xullo tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia, remitindo, para o seu preceptivo ditame, o borrador do anteproxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Detectives Privados/as de Galicia

2.- O texto do borrador foi enviado, o 16 de xuño, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: Sector público e benestar social, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, na mesma data, da entrada da solicitude de ditame.

3.- Con data 31 de agosto, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 3 de setembro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 12/07, acorda aprobar por unanimidade a proposta de ditame, con data 14 de setembro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que, na súa sesión 06/07, do 02 de outubro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte DITAME sobre o anteproxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Detectives Privados/as de Galicia

## **ESTRUTURA E CONTIDO**

O anteproxecto sometido a ditame está estruturado nunha exposición de motivos, tres artigos titulados, respectivamente, obxecto, ámbito territorial e ámbito persoal, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O obxecto do anteproxecto de Lei sometido a ditame é a creación do Colexio Profesional de Detectives Privados/as de Galicia, que foi solicitada pola Asociación Galega de Detectives Privados, e terá como fins esenciais a ordenación do exercicio da profesión dentro do marco legal respectivo, a representación dela e a defensa e promoción dos intereses profesionais dos colexiados.

## **CONSIDERACIÓNS XERAIS**

1.- O CES considera necesario reiterar a consideración feita no seu ditame 4/00 sobre o Anteproxecto de Lei de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, na que se sinalaba que:

“O Consello Económico e Social de Galicia manifesta as súas reservas sobre a necesidade da existencia de entes (distintos das asociacións ou sindicatos) representativos de intereses profesionais, que, co carácter de corporacións de dereito público, se constitúen para defender os intereses dunha determinada profesión e ós que se lles asignan finalidades de interese público, que poderían ser exercidas pola Administración”.

2.- Considerando a evolución da normativa dos Colexios Profesionais, a Lei 7/1997, de 14 de abril, sobre Medidas Liberalizadoras en Materia de Suelos y de Colegios profesionales, establece que as Comunidades Autónomas garantan que o exercicio de “profesións colexiadas” se realizará en réxime de libre competencia e estarán suxeitas, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, como calquera outro subsector económico, á Lei sobre Defensa da Competencia, á Lei sobre Competencia Desleal e ó sometemento á xurisdición do Tribunal de Defensa da Competencia. O R.D. Lei 6/2000, de 23 de xuño, liberaliza o ámbito territorial dos Colexios.

En ningunha normativa se establecen as “profesións colexiadas”, nas que é obrigatoria a incorporación ao correspondente colexio para exercer a profesión porque realizan funcións que teñen que ver con finalidades de interese público.

O CES considera que, en defensa do libre exercicio da profesión e en cumprimento da defensa da competencia (con respecto ás profesións nas que para o seu exercicio é necesario estar colexiado), a obrigatoriedade de colexiación debería suprimirse ou, en todo caso, ser excepcional.

3.- No Anteproxecto de Lei sometido a ditame exponse como un dos motivos da creación do colexio profesional de Detectives Privados/as de Galicia, a importancia crecente da profesión así como a súa relevancia pública, necesitada dunha protección do interese xeral, existindo así un interese público, en tanto a actividade dos detectives privados redunda no interese social dos cidadáns ao desenvolver unha labor que responde á necesidade de obtención de información da sociedade actual e incide nos dereitos fundamentais. O CES considera que esta xustificación non é suficiente para a creación dun colexio profesional.

4.- Consecuentemente coas anteriores observacións, o CES amosa, unha vez máis (Ditame 1/06, sobre o anteproxecto de Lei de creación do colexio profesional de xoiería, ourivería, pratería, relojería e xemoloxía de Galicia, Ditame 2/06, sobre o anteproxecto de Lei de creación do colexio profesional de enxeñería en informática de Galicia, Ditame 3/06 sobre o anteproxecto de Lei de creación do colexio profesional de enxeñería técnica en informática de Galicia, Ditame 4/06 sobre o anteproxecto de Lei de creación do colexio profesional de hixienistas dentais de Galicia e Ditame 6/07 sobre o anteproxecto de Lei de creación do colexio oficial de enxeñeiras/os químicas/os de Galicia), a súa inquietude pola crecente proliferación de colectivos profesionais que, baseándose en razóns de interese público non demostradas de maneira indubidable e que conlevan unha obrigatoriedade de colexiación na maioría das veces excluínte, pretenden a creación de colexios profesionais para a defensa de intereses sectoriais alleos ao interese público xeral e que poden acadarse mediante vías distintas á colexiación, tales como as asociativas ou as sindicais.

En aras a lograr unha desexable clarificación destes extremos, o CES considera conveniente que, previamente á tramitación da presente Lei e das que

no sucesivo puideran plantexarse, o executivo galego, facendo uso da autorización que lle outorga a Disposición derradeira primeira da Lei 11/2001, do 18 de setembro, concretase, en vía de desenvolvemento regulamentario, as profesións que, por razóns de interese público, poden ser susceptibles de acceder ao recoñecemento da colexiación, así como que se avance na resolución das diferentes eivas e dúbidas que estas normas plantexan.

## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O CES entende que se debería de modificar a presente disposición, de xeito que se evite a utilización de barras no título e no texto do anteproxecto de Lei sometido a ditame.

2.- O CES considera prioritario o uso correcto do idioma nos textos oficiais, polo que solicita que se aplique a normativa vixente en materia lingüística.

Por outra banda o CES estima necesario coidar co máximo celo a elaboración do texto do anteproxecto para evitar intercalar frases en español ou erros de redacción no mesmo.

3.- O CES entende que corresponde facer mención, nun parágrafo final a incorporar ao preámbulo, de que o anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia

4.- O artigo 1 do presente anteproxecto de lei regula o obxecto do mesmo.

O CES entende, compartindo o criterio expresado no Informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, que a expresión “dende o momento no que se constituían os seus órganos de goberno” debería retirarse deste artigo e trasladarse, coas pertinentes modificacións de redacción, a unha disposición transitoria.

5.- O artigo 4 do anteproxecto de Lei establece a obrigatoriedade da colexiación, como requisito para o exercicio da profesión en Galicia “cando o establecemento en que se exerza a dita profesión radique nesta comunidade autónoma”.

O CES considera, sen menoscabo do manifestado nas consideracións xerais deste ditame, que este concreto precepto legal pode ser fonte de frecuente conflito no exercicio da profesión regulada no presente anteproxecto de lei, pola posible concorrencia de persoas cuxo establecemento de exercicio radique en calquera outro lugar, mesmo nas comunidades autónomas veciñas; persoas que, de acordo coa literalidade do artigo, non estarían concernidas na obrigatoriedade de colexiación polo simple exercicio da súa profesión en Galicia.

Por outro lado, a invocación que se fai na exposición de motivos (oitavo parágrafo) sobre unha labor profesional que se dirixe a responder á necesidade de obtención de información da sociedade actual, acentúa este capital aspecto do exercicio profesional que, no mundo de hoxe, é realmente intanxible, ao non estar vencelladas necesariamente nin principalmente as fontes informativas a ámbitos xeográficos determinados, cuestión esta que podería complicar aínda máis as repercusións do previsto no devandito artigo 4.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2007

Vº e P.  
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

